



## MEMORIA EXPLICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACOUGO NO PROXECTO HOME DE ATENCIÓN, REHABILITACIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL DE PERSOAS ADICTAS NO EXERCICIO 2026

### ANTECEDENTES

Dende 1991 a Xunta de Galicia a través dos departamentos competentes en materia de servizos sociais, vén subscribindo anualmente convenios de colaboración coa Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home. Eses convenios de colaboración foron informados favorablemente polos órganos competentes, segundo consta nos respectivos expedientes que se atopan neste centro directivo.

Este programa inscribíase, a través desta liña de colaboración, no Plan Autonómico sobre Drogodependencias e nas políticas da Xunta destinadas a reducir as necesidades de colectivos de escasos recursos entre os que se atopan persoas con problemas derivados do consumo de drogas.

### XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

1. A Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, baixo a coordinación e asesoría da Comisión de Coordinación Interconsellerías en materia de drogodependencias, desenvolve competencias nesta área.
2. A Fundación Monte do Gozo desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia o programa educativo-terapéutico Proxecto Home de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas. Todos os programas desenvolvidos por Proxecto Home Galicia teñen un modelo teórico de intervención común, deseñado como unha consecución de etapas ou fases e determinante para que a persoa usuaria acade a súa rehabilitación e integración social.
3. Ademais, cada programa, dependendo do tipo de adicción e do perfil psicosocial do usuario, ten unhas características estruturais diferenciadas que permiten unha abordaxe integral e individualizada das distintas problemáticas. Isto implica unha intervención globalizada que considera ao individuo ligado ao seu contexto social, polo que este itinerario educativo terapéutico é preciso relacionalo co desenvolvemento e coñecemento da propia identidade persoal.

Ante a diversidade e heteroxeneidade dos factores que determinan a problemática da persoa adicta, resulta conveniente adoptar perspectivas multidisciplinares, implicando e interrelacionando aspectos sociais e individuais, para o que é preciso contar cun





equipo de profesional versátil que interveña en todos os ámbitos da persoa, para garantir a integralidade das actuacións.

4. Proxecto Home desenvolve en Vigo o Programa Acougo dirixido a persoas diagnosticadas con Patoloxía Dual.

A "Patoloxía Dual" é a concorrencia nunha persoa dun trastorno por abuso de substancias psicoactivas e calquera outro trastorno psiquiátrico asociado, sendo os máis comúns a esquizofrenia, o trastorno límite de personalidade, o trastorno bipolar e o trastorno obsesivo compulsivo.

As persoas con este perfil presentan maior deterioro a todos os niveis polo que non responden a tratamentos convencionais o que fai imprescindible abordar esta problemática dun xeito integral, estruturado e prolongado no tempo.

O risco de exclusión social das persoas con Patoloxía Dual é moi elevado, particularmente, no referente á incorporación ao mundo laboral e na súa participación nun ocio saudable.

É fundamental a participación da familia ao longo de todo o proceso, facilitando a través do dito programa unha formación axeitada relacionada coa referida Patoloxía Dual, que garanta a súa comprensión e a execución do seu rol de xeito eficaz.

5. A dirección xeral competente en materia de inclusión social considera esencial establecer unha liña de colaboración a través de convenio coa Fundación Monte do Gozo, para desenvolver medidas e accións encamiñadas á inserción sociolaboral co obxecto de minguar, na medida do posible, as consecuencias sociais asociadas ao consumo de substancias aditivas, propiciando un apoio efectivo cara a integración social e laboral deste colectivo.

6. O obxecto do presente convenio é establecer os termos da colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Monte do Gozo para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á inserción sociolaboral de persoas con Patoloxía Dual, a través do Programa Acougo da fundación.

A colaboración centrarase no sostemento dos servizos e accións que se desenvolven e no dispositivo para persoas diagnosticadas con Patoloxía Dual que a Fundación Monte do Gozo posúe en Galicia, na cidade de Vigo.

Esta fase desenvólvese, preferentemente, en réxime residencial, aínda que é posible que determinadas persoas, segundo a súa evolución, sexan tratadas en réxime ambulatorio ou semirresidencial, tendo por obxecto a integración harmónica e satisfactoria no ámbito familiar, social e laboral das persoas a tratamento neste programa.





7. O programa obxecto de subvención a través deste convenio, comprende actuacións que se agrupan nas seguintes liñas:

- **Intervención terapéutica individual (psicoloxía/terapia).**  
Inclúe a realización de entrevistas motivacionais, abordaxe cognitiva-condutual adaptado, traballo de obxectivos por etapas, plans de crises e de prevención de recaídas. Tamén a revisión do PII e acordos terapéuticos.
- **Grupos terapéuticos integrados (adicións+saúde mental).**  
Inclúe a constitución de grupos estruturados para a prevención de recaídas, xestión emocional, habilidades sociais, resolución de conflitos, psicoeducación. Así mesmo, realizaránse dinámicas participativas, "role-playing", análise funcional de recaídas e causantes.
- **Talleres psicosociais: creatividade, arteterapia e socioterapia.**  
Estas actividades consisten no seguinte:  
Arteterapia: creación plástica guiada no obradoiro de barro, narrativa visual, traballo simbólico.  
Creatividade: escritura, música, colaxe, teatro social (segundo recursos).  
Socioterapia: dinámicas de grupo centradas en convivencia, habilidades comunitarias e apoio mutuo.
- **Actividades físico-deportivas e benestar.**  
Inclúense rutinas adaptadas como camiñadas terapéuticas, adestramento funcional, actividades deportivas grupais, relaxación/estiramientos, hixiene do sono. Todo isto, cun enfoque progresivo, metas alcanzables, seguimento do esforzo percibido.
- **Lecer programado e reestruturación do tempo libre.**  
Comprende a realización de saídas programadas, actividades culturais/deportivas, lecer comunitario supervisado, planificación semanal do tempo libre. Tamén o adestramento en toma de decisións e prevención de situacións de risco.
- **Adestramento en AAVD/AIVD (autonomía para a vida diaria).**  
Consisten no adestramento estruturado e graduado, como a hixiene persoal, orde, cociña, compras, xestión doméstica, puntualidade, hábitos de saúde. Así mesmo, responsabilidades terapéuticas en convivencia (tarefas por quendas), con supervisión e reforzo positivo.
- **Intervención con familias.**  
Inclúe a realización de entrevistas familiares, sesións de orientación, psicoeducación en patoloxía dual, adestramento en comunicación e límites, manexo de crises. Trabállase tamén con grupos de familias con experiencias compartidas e ferramentas prácticas.
- **Coordinación e continuidade asistencial (rede sanitaria e social).**





Comprende a coordinación con recursos de saúde mental e adiccións, derivacións, seguimento planificado, preparación de alta, plan de continuidade. Realízase un informe de evolución e plan de prevención de recaídas ao alta (segundo protocolos e consentimento).

- **Intervención formativo laboral.**

Realízase unha valoración individual inicial do perfil formativo-laboral de cada persoa, incorporando obxectivos realistas ao Plan Individualizado de Intervención. Así mesmo, comprende o adestramento práctico e progresivo de hábitos prelaborais e competencias transversais a través de actividades estruturadas, tarefas do contexto residencial e sesións de orientación. Por último, a coordinación con recursos externos, cando a evolución da persoa permítao, para facilitar a continuidade cara a itinerarios formativos, ocupacionais ou de inserción.

Para levar a cabo as actuacións antes descritas, a entidade conta cun equipo multidisciplinar, integrado por diferentes perfís.

A avaliación da realización das actuacións realizarase en tres niveis: proceso, resultado e impacto, con periodicidade definida.

1. Avaliación de proceso (actividade)

- Ocupación de prazas e rotación.
- Nº de intervencións: sesións individuais, grupos, talleres, actividade física, familia, coordinación externa.
- Adherencia: asistencia, participación, cumprimento de rutinas e responsabilidades.
- Incidencias: crise, conflitos, consumos, derivacións urxentes.

2. Avaliación de resultados (cambios na persoa)

- Consumo: abstinencia ou redución, diminución de craving e condutas de risco.
- Saúde mental: redución de desregulación, mellor manexo de síntomas, adherencia.
- Funcionalidade: mellora en AAVD/AIVD, convivencia, autocoidado, rutinas.

3. Avaliación de impacto (sustentabilidade)

- Seguimento post-alta (cando cumpra): continuidade en recursos, recaídas, reingresos, situación social.
- Redución de uso de urxencias/ingresos.

A xustificación do desenvolvemento das actuacións anteriores efectúase mediante a presentación dun informe de auditoría.

8. A subscrición deste convenio contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre a lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

9. A concesión directa da axuda prevista neste convenio xustifícase por estar recollida nominativamente na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, que serve de base para a tramitación deste convenio, de acordo co establecido do artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do





XUNTA  
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL  
DE INCLUSIÓN SOCIAL

13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No lugar e data da sinatura dixital  
O director xeral de Inclusión Social  
Arturo Parrado Ponte

